

Resolución do 11 de decembro de 2019 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de catedráticos de música e artes escénicas especialidades de arpa (003), canto (006), clarinete (008), clave (009), composición (010), contrabaixo (014), dirección de orquesta (023), fagot (030), frauta travesa (032), oboe (052), pedagogía (057), percusión (058), saxofón (066), trombón (072), trompa (074), trompeta (075), violoncello (079), instrumentos de corda pulsada do Renacemento e do Barroco (092), tecnoloxía musical (100), viola de gamba (102) e produción e xestión de música e artes escénicas (115).

Por unha resolución do 17 de outubro de 2019, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, convocouse un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de catedráticos de música e artes escénicas especialidades de arpa (003), canto (006), clarinete (008), clave (009), composición (010), contrabaixo (014), dirección de orquesta (023), fagot (030), frauta travesa (032), oboe (052), pedagogía (057), percusión (058), saxofón (066), trombón (072), trompa (074), trompeta (075), violoncello (079), instrumentos de corda pulsada do Renacemento e do Barroco (092), instrumentos históricos de corda fretada (095), tecnoloxía musical (100), viola de gamba (102) e produción e xestión de música e artes escénicas (115).

Por unha resolución do 26 de novembro de 2019 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos aprobouse a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións e publicouse no portal de Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Logo de rematado o prazo para presentar alegacións contra a citada resolución provisional e revisadas as alegacións presentadas procede facela pública no portal de Internet desta consellería, de acordo co disposto na base sétima da convocatoria.

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo da lista de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de catedráticos de música e artes escénicas especialidades de arpa (003), canto (006), clarinete (008), clave (009), composición (010), contrabaixo (014), dirección de orquesta (023), fagot (030), frauta travesa (032), oboe (052), pedagogía (057), percusión (058), saxofón (066), trombón (072), trompa (074), trompeta (075), violoncello (079), instrumentos de corda pulsada do Renacemento e do Barroco (092), tecnoloxía musical (100), viola de gamba (102) e produción e xestión de música e artes escénicas (115).

Segundo. Ordenar a publicación no portal da Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional www.edu.xunta.gal da relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e do baremo definitivo indicado no apartado anterior.

Terceiro. Contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no citado portal, ante a persoa titular da Dirección Xeral de





Centros e Recursos Humanos de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, ante o xulgado do contencioso-administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela
O director xeral de Centros e Recursos Humanos
José Manuel Pinal Rodríguez

